



[ORDE do 7 de maio de 2024](#) pola que se regula a participación **no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/2025 (código de procedemento ED330B).**

A quen vai dirixida?

- Fondo solidario de **libros de texto a 3º, 4º, 5º e 6º** de educación primaria. (O alumnado que curse 5º e 6º de educación primaria no curso 2024/25 estará inmerso no proxecto educación dixital (**E-DIXGAL**) e, polo tanto, está **excluído** da participación no fondo solidario de libros de texto)
- Axudas para adquirir **libros de texto a 1º e 2º** de educación primaria.
- Axudas para adquirir **material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria (**de 1º a 6º**).

Prazo de presentación de solicitudes

Ata o 21 de xuño

Lugar de presentación das solicitudes

- Poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro. A solicitude será única para todos os fillos ou fillas.
- Por vía electrónica no formulario normalizado (anexo I e II) dispoñible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>)

- A través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>. Neste caso, será necesario a presentación dunha solicitude por alumno ou alumna.

Documentación a presentar para tramitar o procedemento

- Solicitude (Anexo I) e o Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios: 1º. Certificado ou volante de convivencia. 2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

Devolución dos libros de texto do curso 2023-2024

O alumnado deberá entregar á titora os libros de texto (e ordenadores no caso do alumnado de 5º e de 6º de primaria) nas seguintes datas:

- Alumnado de 5º e 6º de educación primaria: **luns 17 de xuño.**
- Alumnado de 3º e 4º de primaria deberá entregar os libros de texto á titora o **luns 17 de xuño de 2024.**

Outras datas de interese

- Publicación da listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas: 24 de xuño de 2024
- Período de reclamación: 25 e 26 de xuño de 2024
- Publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas: 27 de xuño de 2024
- **Recollida dos vales para adquirir libros de textos en 1º e 2º EP e recollida de vales para adquirir material escolar ao alumnado de educación primaria: o 28 de xuño de 2024 en horario de 9:00-13:30**